



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 29 DE XUÑO DE 2022

N.º 147

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

#### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Celso Méndez Dourado solicita de Augas de Galicia a autorización de obras na zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.73827.

As obras solicitadas consisten no recheo de parte dunha parcela coa referencia catastral 27005E003003820000YR para unha mellor drenaxe da parcela; na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Coto, parroquia de san Pedro de Benquerencia, no concello de Barreiros, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 22 de xuño de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo.- O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 1744

#### CONCELLOS

#### FRIOL

#### *Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de xuño de 2022, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 4/2022, (segundo de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados por transferencias de crédito e maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe total de noventa e tres mil cincuenta e oito euros con trece céntimos de euro (93.058,13 €).

Modifícase o Anexo de inversións do vixente Orzamento.

Modifícase o Anexo das subvencións nominativas do vixente Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 22 de xuño de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1745

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 22 de xuño de 2022, a solicitude de Don José Manuel Vázquez Castro, prestou aprobación provisional á desafectación como ben de uso público de tramo do camiño

que figura no Inventario de Bens co núm. de orde dentro do Inventario 899-13 DENOMINADO CAMIÑO GRANXA GULDRIZ DE ABAIXO, cunha anchura de 4 metros, lonxitude de 290 metros, firme grava e estado regular.

Elo segundo a documentación técnica elaborada pola Enxeñeira Técnico Agrícola Dona Íria Villar Sánchez. A finalidade do proxecto é definir as obras a executar, en relación coa pista de titularidade municipal, que se atopa na parroquia de Guldriz, non aparece definida nos planos das normas subsidiarias vixentes do Concello. O que se pretende é que a devandita pista pasaría a ser propiedade de Don José Manuel Vázquez Castro, que á súa vez tamén cede ao Concello parte da parcela 185 do polígono 299. Con todo elo, anúllase unha pista que non é aproveitada polos veciños, xa que o seu acceso pasa polo medio de dúas propiedades súas, e soamente él fai uso de ela, e a pista xeral pasaría a ter un ancho moito maior, para así dar un mellor servizo.

O que se somete ao trámite de información pública, xunto co expediente do que trae razón, polo prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén estará na sede electrónica <http://friol.sedelectronica.es>

No devandito prazo os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 22 de xuño de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1746

## LÁNCARA

### *Anuncio*

De conformidade co decreto de 21 de xuño de 2022 faise pública a convocatoria para selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do “*Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Láncara para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural*”:

- Un xefe de brigada.
- Un peón condutor
- Tres peóns
- Tres condutores de VMB

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

Láncara, 21 de xuño de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1747

## POL

### *Anuncio*

Mediante acordo plenario de data 12 de novembro de 2021, esta Corporación aprobou o “Proyecto de carretera municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea”.

Sometese dito proxecto a información pública a efectos de que, polos posibles interesados, poidan presentar alegacións ao devandito expediente polo prazo de vinte días hábiles dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

Pol 20 de xuño de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1748

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. A CORUÑA. SECRETARÍA DE GOBERNO

#### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 03/06/2022, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixou se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**O PÁRAMO: Substituto: DON JOSÉ LÓPEZ CHOUSA. DNI 33848146N.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do siguiente ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgúnha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 08 de xuño de 2022.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1749

#### *Anuncio*

Dado que o Concello de LOURENZÁ (LUGO) non elixiu xuíz de paz SUBSTITUTO/A para a dita localidade, realiza unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

- 1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.
- 2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.
- 3º) Méritos que estimen oportunos.
- 4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 15 de Xuño de 2022.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1750

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) GUITIRIZ

#### *Anuncio*

**EXTRACTO CONVOCATORIA AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR, TRANSPORTE E REDUCCIÓN DA FENDA DIXITAL CURSO 2022-2023**

BDNS(Identif.):635553

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicáse o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdntrans/GE/es/convocatoria/635553>)

**Primeiro. Beneficiarios:**

Familias empadroadas no Concello de Guitiriz que teñan aos menores ao seu cargo matriculados en centros de ensino público no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos), BAC, ESO; así como matriculados en ciclos formativos ou universitarios, que cumplan os requisitos recollidos no artigo 13.2 da Lei 18/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo. Obxecto:**

Axudas en concorrencia competitiva para adquisición de equipamento e material escolar e axuda ao transporte, ademáis de reducir a fenda dixital no rural, do alumnado, empadroad e escolarizado nos seguintes cursos:

- Educación Infantil (2ª etapa de 3 a 5 anos) e BAC: material escolar.
- Estudantes universitarios, Ciclos Formativos e FP básica: transporte.
- 5º e 6º de Educación Primaria e ESO: mellora da conexión dixital
- 4º da ESO e BAC: adquisición de dispositivos tecnolóxicos (liña incompatible se fose concedida na convocatoria dos cursos 2020/2021 e 2021/2022).

Estas liñas de axuda son incompatibles entre si.

**Terceiro. Bases reguladoras:**

As bases reguladoras públicanse na sede electrónica <https://concelloddeguitiriz.sedeelectronica.es>

**Cuarto. Contía:**

O importe das axudas non poderán ser superiores ás seguintes contías:

LIÑA 1 (material escolar):	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Até 150 € (RPC&lt;5.400 €)</li> <li>- Até 100 € (5.400 €&lt;RPC&lt;9.000 €)</li> </ul>
LIÑA 2 (transporte):	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Até 500 € (RPC&lt;5.400 €)</li> <li>- Até 300 € (5.400 €&lt;RPC&lt;9.000 €)</li> </ul>
LIÑA 3 (conexión dixital):	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Até 200 € (RPC&lt;5.400 €)</li> <li>- Até 100 € (5.400 €&lt;RPC&lt;9.000 €)</li> </ul>
LIÑA 1 (dispositivos tecnolóxicos):	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Até 500 € (RPC&lt;5.400 €)</li> <li>- Até 300 € (5.400 €&lt;RPC&lt;9.000 €)</li> </ul>

O límite máximo do crédito adicado a estas axudas será de 14.300 euros.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata o 7 de outubro de 2022.

Guitiriz, 23 DE XUÑO DE 2022.- Alcaldesa – Presidenta, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1772

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO  
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES Y OBRAS EN ZONA DE POLICÍA

**EXPEDIENTES: V/27/01469, A/27/36971**

PETICIONARIO: María Marta López Núñez

DENOMINACIÓN: Vivienda en Parada

LOCALIDAD: Parada, Parada (San Xoán)

TÉRM. MUNICIPAL: Outeiro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Narla/Narla

María Marta López Núñez solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces.

Las obras consistirán en la rehabilitación de una vivienda e instalación de sistema de depuración en la margen derecha del río Narla, en la parcela con referencia catastral 27039C003003060000EL del T.M. de Outeiro de Rei (Lugo).

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Parada" - "María Marta López Núñez", con un volumen máximo anual de 310,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta de desbaste.
- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 22 de junio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1751

---